

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

*RESOLUCIÓN do 9 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se fixan as datas de realización das probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 2 e 4, no ano 2019, que foron convocadas mediante a Resolución do 2 de setembro de 2019 (código de procedemento PL500C).*

Mediante a Resolución do 2 de setembro de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocáronse as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 2 e 4, no ano 2019 (código de procedemento PL500C) (DOG núm. 171, do 10 de setembro). Segundo o sinalado no seu punto terceiro, as datas concretas de realización das probas, que serán na segunda quincena do mes de novembro de 2019, serán debidamente publicitadas no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>), cun mínimo de 15 días naturais antes da data fixada para o primeiro exame.

De acordo con isto,

**RESOLVO:**

Fixar as seguintes datas de realización das probas para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga) convocadas mediante a Resolución do 2 de setembro de 2019:

- Celga 4, en Santiago de Compostela e en Ponferrada: 16 de novembro de 2019.
- Celga 2, en Santiago de Compostela e en Ponferrada: 17 de novembro de 2019.

No caso daquelas persoas as cales, atendendo a causas xustificadas, se lles concedese algún tipo de adaptación ou apoio para que poidan levar a cabo as probas, a data de realización destas seralles comunicada directamente pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

As sedes e horarios de realización das probas, así como as listaxes de persoas admitidas para cada nivel e localidade, poden consultarse na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>).



As persoas admitidas deberán presentarse 30 minutos antes da hora de inicio da proba previstas do documento que acredite a súa personalidade (DNI, NIE ou pasaporte) e mais dun bolígrafo. Lémbrese ademais, respecto da proba oral de cada nivel Celga, que esta será posterior á proba escrita. A hora concreta en que cada persoa deberá estar presente para realizar a dita proba oral publicarase na sede correspondente unha vez que remate a proba escrita.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Valentín García Gómez  
Secretario xeral de Política Lingüística

